

1. Presentación da guía

OBSERVATORIO GALEGO
DA VIOLENCIA DE XÉNERO



Guía de actuación
ante casos de
violencia de xénero
no ámbito educativo

XUNTA DE GALICIA

1.1. Elaboración

En novembro de 2020 presentouse o protocolo coñecido como *Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo* (2020). Este protocolo foi elaborado no seo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero da Xunta de Galicia en 2019 e na actualidade está incorporado á Estratexia de Convivencia Escolar Galega e foi asumido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade como un dos protocolos que están ao dispor do profesorado no portal educativo.

1.2. Localización

A *Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo* está dispoñible para descarga desde a web de [Educonvives](https://educonvives.gal). Ademais, para facilitar o traballo de aplicación do protocolo, inclúense en formato editable os anexos que figuran ao final da *Guía*. Pódense descargar na seguinte [ligazón](#).

1.3. Situacións en que se aplica

Este protocolo elaborouse para abordar as situacións dadas en catro casos concretos, o que non significa que se esgote aquí a casuística de situacións de violencia de xénero que atopamos nos centros educativos. Pretende ser unha axuda que contribúa á resolución de posibles situacións de violencia de xénero e debe ser axustado ás necesidades suscitadas en cada caso.

Así pois, ímonos centrar nas 4 situacións en que este protocolo debe aplicarse:

1.3.1. Situación 1. Alumno do centro vítima

SITUACIÓN 1: a vítima da agresión é unha alumna do centro educativo.

- a vítima é unha muller que é alumna do centro.
- a vítima pode ser maior ou menor de idade.
- o agresor é un home que pode ser maior ou menor de idade.
- o agresor pode ser ou non alumno do centro.
- o agresor pode ser mesmo docente do centro.
- entre vítima e agresor pode haber relación de parella ou non.
- a situación de violencia pode darse dentro ou fóra do centro educativo.

1.3.2. Situación 2. Alumno do centro agresor

SITUACIÓN 2: o agresor é un alumno do centro.

- o agresor é alumno do centro.
- a vítima non é alumna do centro.

1.3.3. Situación 3. Alumnado do centro agredido no seu fogar

SITUACIÓN 3: a vítima é alumnado do centro que sofre violencia de xénero no seu fogar.

- a vítima é un alumno ou unha alumna do centro
- a violencia prodúcese no fogar das vítimas
- nesta situación considérase que son vítimas directas de violencia de xénero súa nai e os irmáns (se os houber)
- pode darse o caso de que estas vítimas teñan medidas de protección xudicial
- pode acontecer que sexa unha situación de total vulnerabilidade por non existir denuncia nin ningunha actuación que favorecese a fin desa violencia.

1.3.4. Situación 4. Traballadora do centro vítima

SITUACIÓN 4: a vítima é unha traballadora do centro educativo

- a vítima pode ser docente do centro ou persoal de administración e servizos.
- o agresor pode ser un home que pertence á comunidade educativa (profesor, alumno, pai, PAS etc.).